

## REQUISITOS:

- Ter cumpridos 60 anos antes do 31 de Agosto do 2011.
- Ter permanecido en activo ininterrompidamente os últimos 15 anos, ou ter permanecido algún tempo en servizos especiais, ou ter concedida excedencia en determinados supostos.
- Ter acreditados quince anos de servizos efectivos ao Estado.

## PRAZOS:

*Entregar instancia*, Anexo I do DOG do 29 de decembro de 2010 (Orde 21 de decembro de 2010), *antes do 28 de febreiro* do 2011. Pódese *renunciar antes do 15 de marzo* de 2011.

A Transitoria que regula a xubilación anticipada terá vigor ata que finalice o proceso de implantación da LOE, ámbito temporal de 5 anos (disp. adicional 1ª).

## GRATIFICACIÓN. REQUISITOS:

- Ter 60, ou máis, anos cumpridos e,
- A lo menos 28 anos de servizos efectivos ao Estado. Existen dúas gratificacións: a *Gratificación LOE (GL), estatal, e a da Xunta (GX)*.

A súa contía variará segundo a idade, corpo de pertenza e anos de servizo efectivos. *Cóbrase en dous prazos*: Coa paga ordinaria do último mes de servizo activo, percibirase o 100% da GL e o 40% da GX. No mes de marzo, do ano seguinte, cóbrase o 60% restante.

Ver táboa de **gratificacións**.

## AUMENTO, DE ATA 5 ANOS, COMO SERVIZOS PRESTADOS:

Dereito recollido na LOE, na disposición transitoria segunda, punto 2: *Computaranse como servizos prestados o período de tempo que falta ata o cumprimento dos 65 anos de idade*.

## CÁLCULOS:

A contía da pensión de xubilación será a que resulte de aplicar aos **haber reguladores**<sup>1)</sup> que en cada caso procedan, á porcentaxe do cálculo correspondente á **suma dos anos de servizos** efectivos prestados ao Estado que, de acordo coa lexislación de Clases Pasivas, teña acreditados o funcionario ou a funcionaria ao momento da xubilación voluntaria e do período de tempo que lle falte ata o cumprimento da idade de sesenta e cinco anos.

O disposto no parágrafo anterior terá en conta o *límite máximo* de percepción de pensións públicas: 2.497,91 euros/mes ou 34.970,74 euros/ano.

### Exemplos:

1. Persoa xubilada con 60 anos e 27 de servizos => Non cobra gratificacións. Cobraría uns ingresos correspondentes ao 89,04% do haber regulador, o que corresponde a 32 anos de servizos efectivos (27 de servizos efectivos + 5 que van entre os 60 e os 65 anos).

2. Persoa xubilada con 61 anos e 28 de servizos => Cobraría a gratificación LOE e a gratificación da Xunta máis os ingresos correspondentes ao 89,04% do haber regulador, o que corresponde a 32 anos de servizos efectivos (28 de servizos efectivos + 4 que van entre os 61 e os 65 anos).

1)

Anos de servizo	Haber regulador
28	74,42 %
29	78,08 %
30	81,73 %
31	85,38 %
32	89,04 %
33	92,69 %
34	96,35 %
35	100 %

Os Haberes reguladores son as bases para o cálculo das pensións de Clases Pasivas; fíxanse anualmente na Lei de Presupostos Xerais do Estado para cada grupo, subgrupo (Ley 7/2007) de clasificación no que se encadran os distintos Corpos, Escalas, prazas ou empregos de funcionariado, neste ano 2011 son, respectivamente:

**Grupo A1:** 39.268,77 euros ano

**Grupo A2:** 30.905, 51 euros ano